



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 767 Semana do 29 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2018

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A PARTICIPAR ESTE DOMINGO NA MANIFESTACIÓN QUE SAIRÁ ÁS 12 DA ALAMEDA COMPOSTELANA “PARA DEFENDER A NOSA SANIDADE PÚBLICA”

Redacción.- UGT chama á cidadanía galega a participar este domingo, día 4 de febreiro, na manifestación que sairá ás 12.00 horas da Alameda de Santiago baixo o lema “Para defender a nosa sanidade pública. Non a esta Lei de saúde”.

Lembrar que esta manifestación, convocada por SOS Sanidade Pública, plataforma da que FeSP-UGT forma parte, contará co apoio e participación tamén dos grupos da oposición. Esta mobilización precede ás que xa se levaron a cabo o pasado día 24 nas cidades e vilas galegas e nas que milleiros de persoas criticaron as políticas que en materia sanitaria está a impoñer o Goberno do PP en Galicia.

Trátase de que a cidadanía e os traballadores da sanidade pública galega díganlle non ao proxecto do PP de modificar a Lei galega de saúde pública que afonda no desmantelamento e na privatización do sistema público sanitario galego.

O obxectivo do PP é desmantelar os hospitais comarcais, dificultando o acceso á asis-

tencia especializada da poboación rural e recentralizar o control da Consellería de Sanidade sobre a atención da saúde.

A devandita modificación tamén perpetúa as estruturas de xestión integrada, que someten a atención primaria ás xerencias hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención cercana.

Privatiza a formación e investigación e a innovación sanitaria, consolidando a Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde, con empresas multinacionais detrás.

Tamén reduce e limita a participación social non control da sanidade pública galega e favorece a creación de “chiringuitos”, para laborar ao persoal e potenciando o favoritismo e a arbitrariedade na contratación do persoal sanitario.

MANIFESTACIÓN PARA DEFENDER A NOSA SANIDADE PÚBLICA

**NON A ESTA LEI DE SAÚDE****SOS**
sanidade
pública**SANTIAGO DE COMPOSTELA**
domingo, 4 de febreiro
ás 12 desde a Alameda

SEIS ANOS DE REFORMA LABORAL QUE SÓ SERVIRON PARA PRECARIZAR O MERCADO LABORAL E EMPOBRECER AOS TRABALLADORES

A ESTACIONALIDADE DO MERCADO LABORAL CONDUCE A UN INCREMENTO DO PARO QUE DEIXA SEN SENTIDO CALQUERA TRIUNFALISMO

Redacción.- A economía, en termos globais medra, a un ritmo do 3,1 por cento, pero o mercado laboral continúa mergullado nunha fonda crise que só permite respirar en momentos conxunturais, como as campañas de contratación de Nadal ou a temporada estival, pero que volve ao pozo do desemprego e precariedade o resto do ano. Cumprense este mes seis anos da Reforma Laboral imposta polo Goberno do PP que demostrouse como un arma arrojadiza que só serviu para precarizar o mercado laboral e empobrecer aos traballadores.

O paro, segundo os datos facilitados

hoxe polo SEPE, medra en Galicia nun 2,6 por cento (4.873 persoas máis no desemprego), por enriba do que sucede no resto do Estado, onde o aumento foi do 1,9 por cento. Así, Galicia rexistra 189.886 desempregados e o Estado 3.476.528.

En termos interanuais, o desemprego contráese en Galicia nun 10,5 por cento, 22.192 persoas menos. A baixada é dun 7,5 por cento no resto do Estado.

Por sexos, a evolución do desemprego, un mes máis, é peor no caso das mulleres. O paro medra entre os homes nun 2,1 por cento, fronte ao 3,1 por cento

das mulleres. De feito, as mulleres representan o 56,2 por cento do total do desemprego que se rexistra en Galicia (106.695 mulleres no desemprego, fronte a 83.191 homes). É evidente a fonda brecha por sexos que se da no desemprego. Ademais, en termos interanuais compróbese a maior discriminación no desemprego. Mentres o paro cae entre os homes nun 13,9 por cento, entre as mulleres tan só o fai nun 7,6 por cento.

O paro medra entre os máis mozos, menores de 25 anos, nun 2,1 por cento no mes e no ano baixa nun 8,6 por cento.

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Da análise por sectores de actividade dedúcese que a estacionalidade está detrás da evolución do desemprego. Tralo Nadal, o desemprego medra no sector servizos en 5.092 persoas en Galicia. Mentres que no resto dos sectores a evolución é menos acusada.

Fixéronse 80.270 contratos no mes pero, sen embargo, a afiliación/cotización baixa en máis de 11.000 persoas. Isto evidencia a precariedade e alta rotación do mercado laboral galego que fai moitos contratos que non consegue consolidar como estruturais. De feito, só o 9,48 por cento dos contratos asinados foron de carácter indefinido.

En relación coa afiliación/cotización, o aumento do desemprego nunha cifra máis baixa á caída deste indicador apunta que no mercado laboral galego existe unha caída da afiliación que non vai ao desemprego, vai ou ben á inactividade ou pode deberse tamén á diminución da poboación maior de 16 anos.

A precariedade é unha constante para os traballadores e tamén paro as persoas desempregadas. O número de beneficiarios de prestacións é de 92.752 persoas (decembro de 2017, último dato dispoñible), cunha nova caída anual de 9.051 persoas (decembro 2016). A taxa de cober-

tura é do 54,7 por cento, deixando fóra do sistema de protección a 92.261 desempregados, se se teñen en conta tamén aos que non teñen dereito á cobertura por desemprego.

No resto do Estado a taxa de cobertura é do 58,6 por cento, superior en catro puntos á galega.

A isto hai que engadirlle a precariedade destas prestacións, xa que tan só 40.804 beneficiarios perciben prestacións contributivas. O resto das coberturas é de carácter asistencial. É evidente que a baixa contía destes ingresos deixa a moitas familias galegas ao borde da pobreza ou exclusión social.

UGT-Galicia amosa a súa preocupación ante estas cifras que contrastan cunha economía que medra a un ritmo do 3,1 por cento e insiste na súa mensaxe de que a recuperación non está chegando ás familias, quédase no eido macroeconómico.

O primeiro mes do ano amosa, outra vez, a finalización da campaña navideña e, como consecuencia, o aumento do paro xunto a unha redución da afiliación á Seguridade Social. Todos eles son indicadores do carácter estacional que ten boa parte do emprego creado no país.

Con estas cifras enriba da mesa, UGT-Galicia considera totalmente inxustificable o triunfalismo dos gobernos central e do galego en relación ao mercado laboral e lembra que o desemprego segue a ser a principal preocupación dos cidadáns e o problema que máis lles afecta.

O mercado de traballo non superou a crise, os traballadores seguen padecendo o desemprego e a precariedade e resulta moi difícil de entender que os gobernos do PP no Estado e en Galicia exhiban tanto triunfalismo.

O descenso continuado da taxa de cobertura por desemprego e a extensión do paro de longa duración obrigan a poñer en marcha de xeito urxente verdadeiras políticas de emprego que protexan ás persoas en desemprego vía prestacións, combinando as axudas con medidas activas de emprego, de orientación, formación e inserción.

Transcorridos seis anos dende a imposición unilateral polo Goberno central da reforma laboral, resulta evidente a necesidade de abordar os estragos producidos no mercado laboral e no sistema de relacións laborais por unha lexislación retrógrada que só serviu para rebaixar o salario dos traballadores e recortar os seus dereitos.

MÁIS DE 300 DELEGADOS DEMANDAN NA DELEGACIÓN DO GOBERNO MÁIS EMPREGO PÚBLICO, RECUPERACIÓN DE DEREITOS E UN SALARIO XUSTO NA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Redacción.- Máis de 300 delegados e delegadas, convocados polas federacións de servizos públicos de CCOO e UGT, concentráronse a mañá do día 30 fronte á Delegación do Goberno (A Coruña) para demandar máis empregos públicos, recuperación de dereitos e un salario xusto na Administración Xeral do Estado (AXE).

Esta mobilización forma parte dun calendario máis amplo que comezou xa no mes de xuño do ano pasado e que se está a repetir en todo o Estado, de feito, hoxe tamén houbo concentracións en Madrid e Valencia.

Os traballadores e traballadoras da Administración Xeral do Estado denuncian que dende o 2010 o persoal reduciuse nun 14 por cento, o que situou preto do colapso a boa parte dos servizos públicos que presta a AXE. E, aínda que os últimos acordos en materia de emprego supuxeron un tímido avance, a situación está lonxe dunha solución. Hai que ter en conta que a previsión de xubilacións nos próximos cinco anos na AXE está próxima aos 25.000 efectivos.

A situación retributiva é insostible. Dende

2010 as reducións e conxelacións salariais e os incrementos ridículos colocaron aos traballadores da AXE, que xa se atopaban en situación desfavorable en relación aos de outras administracións, nunha conxuntura insostible salarialmente.

FeSP insta ao Goberno a que se sente a negociar xa unha política de emprego para frear a progresiva perda de postos de traballo na AXE e as políticas privatizadoras de servizos.

Tamén urxe o desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público e o desbloqueo do IV Convenio único para adaptar o sistema de clasificación profesional coa aplicación efectiva do grupo B, o desenvolvemento retributivo no seu conxunto, incluíndo aquelas retribucións que corresponden ás características dos postos de traballo, á carreira profesional ou o desempeño, rendimento ou resultados.

Demándanse procesos de provisión de



postos que atendan aos criterios de igualdade, capacidade e mérito. Tamén urxe recuperar os dereitos arrebatados en materia de IT, formación, acción social ou masa salarial dos plans de pensións.

En materia salarial, os traballadores da AXE demandan a recuperación do poder adquisitivo e a garantía do mantemento no seu futuro. Concretamente, fixan unha suba nos salarios de 250 euros lineais que permita ao persoal desta Administración acadar un nivel retributivo xusto e digno. Estes 250 euros supoñen o 10 por cento da masa salarial, fronte ao 13,3 por cento que levan perdido dende o 2010.

MANTENSE A FOLGA DO DÍA 7 NA XUSTIZA GALEGA POLA INTRANSIXENCIA DA XUNTA NA NEGOCIACIÓN

Redacción.- A intransixencia da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza na negociación que está a manter cos traballadores da Xustiza galega conduce ao mantemento da convocatoria de folga indefinida para o día 7.

Manuel González (FeSP) reitera que a negociación debería volver ao ámbito do Consello Galego de Relacións Laborais, onde si se tiñan conseguido avances na negociación e así o trasladaron os 7 sindicatos convocantes. González denuncia que na xuntanza do mércores, que acabou cun peche dos representantes dos sete sindicatos na sede da Dirección xeral de Xustiza, non é que non se producisen avances,

é que as propostas da Xunta foron totalmente regresivas con respecto ao que se tiña avanzado no CGRL.

FeSP-UGT insiste en que os puntos de descontento continúan aí e a Xunta non achega nada para pechalos. Non existe o compromiso de eliminar os descontos por IT (a pesar de que xuíces e secretarios non os sofren); en materia económica os sindicatos demandan situar aos traballadores da Xustiza galega na media do resto do Estado e a Xunta fai unha proposta que non inclúe as medias reais, senón unha interpretación interesada das mesmas; no CGRL xa había un acordo para restituír as 106 prazas des-



truídas nestes anos, de novo a Xunta obvia comprometerse de forma clara neste senso; en canto á necesidade de aboar as substitucións dun corpo superior, tampouco existe un compromiso concreto; e tampouco quere concretar a Xunta un acordo sobre a creación das prazas pendentes.

FE SP SOLICITA A CONVOCATORIA DA SUBCOMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE ESTABILIDADE PARA TRATAR A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE

Redacción.- Tralo anuncio realizado polo presidente da Xunta sobre a oferta de emprego público docente para o 2018, FeSP solicita a convocatoria urxente da Subcomisión de seguimento do Acordo de estabilidade de emprego para así poder analizar con maior profundidade esta oferta.

Despois dunha primeira análise, UGT lembra que este incremento de prazas, con respecto ás convocatorias ordinarias, é consecuencia directa, en primeiro lugar, do Acordo pola mellora do emprego, que UGT asinou en marzo de 2017 en Madrid, e que abriu a posibilidade ás comunidades autónomas de converter o emprego interino en estable e fixo. E, en segundo lugar, en Galicia no mes de outubro tamén se asinou o Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos coa Xunta, que concreta e reforza o acordado a nivel estatal.

FeSP-UGT pon en valor os acordos que asina porque consolidan e estabilizan as plantillas dos centros educativos de Galicia e conseguen melloras nas condicións laborais do profesorado. Fálase dunha reposición de 3.300 docentes en tres anos, aos que lle hai que sumar 1.600 prazas temporais que pasarían a ser fixas nun prazo de tres anos. Isto fai un total de 4.900 prazas. Ademais, FeSP-UGT tamén asinou o Acordo de interinos



que establece como obxectivo que o número de interinos dos corpos docentes se sitúe en torno ao 5 por cento.

A oferta

Destacar que a oferta global de 1.919 prazas é moi superior ás ofertas ordinarias de emprego que se viñan facendo en anos anteriores: 430 prazas no 2015; 1.100 no ano 2016; e 1.100 no 2017.

Tomando como referencia as convocatorias anteriores, de carácter ordinario, esta oferta sitúase en 800 prazas por riba do que viña sendo habitual. O que supón un incremento dun 70 por cento, como consecuencia directa da concreción dos distintos acordos que UGT asinou.

Esta oferta tamén implica converter en fixos á metade dos 1.600 postos que se pretende consolidar.

FICA solidarízase co Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama

Esixe o desbloqueo do investimento previsto dende 2015 e que permitiría a continuidade da planta e o mantemento dos postos de traballo

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro FICA-UGT de Galicia amosa a súa solidariedade e apoio aos compañeiros do Comité de empresa e aos traballadores da Central Térmica de Meirama que se pecharon no Concello de Cerceda para reivindicar que Gas Natural Fenosa, propietaria da planta, desbloquee o investimento previsto no ano 2015 e que permitiría a continuidade da actividade da Central e, polo tanto, o mantemento dos actuais postos de traballo.

FICA-UGT considera inaceptable que Gas Unión Fenosa e a Xunta de Galicia estean xogando deste xeito co futuro dos cen postos de traballo directos e dos indirectos das empresas auxiliares, retrasando un investimento prometido dende o ano 2015 e que é necesario para que a planta siga a súa actividade de produción de enerxía eléctrica máis aló do ano 2020.

FICA-UGT de Galicia manifesta o seu apoio ás mobilizacións que se leven a cabo polo Comité de empresa de Meirama para lograr o desbloqueo deste investimento necesario para manter os postos de traballo no futuro.

UGT e CCOO CONVOCAN UNHA FOLGA DE DÚAS HORAS O PRÓXIMO 8 DE MARZO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras convocan o próximo 8 de marzo, Día Internacional da Muller, unha folga de dúas horas por quenda para denunciar as brechas existentes no mercado laboral e dar resposta ás demandas e as necesidades das traballadoras deste país.

Ambos sindicatos convocarán así mesmo asembleas, mobilizacións e concentracións, co lema "Vivas, libres, unidas pola igualdade", animando aos traballadores e traballadoras a participar de forma masiva nas manifestacións que terán lugar o Día Internacional da Muller.

A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, subliñou que "UGT e CCOO consideramos que este 8 de marzo temos que dar un paso máis e por iso convocamos un paro para dar visibilidade a todas as discriminacións que sofren as mulleres á hora de acceder ao mercado de traballo e unha vez dentro".

"Trátase de dar a dimensión laboral á iniciativa sindical que proporciona cobertura legal a toda a reivindicación social e civil que vén articulando e que se vai a desenvolver o próximo 8 de marzo".

Destacou que as mulleres sofren máis a precariedade no traballo e que as reformas laborais e os recortes que se acometeron nos anos da crise, xunto coa decisión deste Goberno de non tomar medidas para avanzar en materia de igualdade, es-

tán a provocar retrocesos en moitos aspectos.

Segundo os datos da EPA, hai máis de 10 millóns e medio (10.569.000) de mulleres activas; máis de 8 millóns e medio (8.558.000) de mulleres ocupadas. Destas traballan a tempo parcial máis de 2 millóns (2.066.000). Supoñen o 73,74% de todas as persoas que traballan a tempo parcial. E hai máis de dous millóns de desempregadas (2.011.000).

Ademais, as mulleres son as que asumen maioritariamente o coidado de fillos ou familiares acolléndose a permisos, reducións de xornada e excedencias que teñen consecuencias moi negativas nas súas carreiras profesionais e nas súas cotizacións para a xubilación.

Por iso, para UGT e CCOO é necesario desenvolver iniciativas como unha Lei de Igualdade salarial que termine coa diferenza entre os salarios de homes e mulleres polo mesmo traballo, desenvolver plans de igualdade ou os protocolos contra o acoso ou políticas activas de emprego destinadas ás vítimas de violencia de xénero.



Non se debe esquecer tampouco a insoportable realidade da violencia de xénero e a practicamente invisible e silenciada situación do acoso sexual no ámbito do traballo.

Ambos os sindicatos demandan así mesmo mecanismos para corrixir as desigualdades e esixen responsabilidades, por unha banda ao Goberno -para que asuma a súa parte, tome medidas e dote de recursos económicos e humanos suficientes aos orzamentos destinados a loitar contra todas estas discriminacións-, e por outro, aos empresarios para que deixen de mirar cara a outro lado.

Cristina Antoñanzas e Elena Blasco, estiveron acompañadas polos secretarios xerais de ambas as organizacións, Pepe Álvarez e Unai Sordo.

AMPLIADO O PRAZO PARA OBTEN A ACREDITACIÓN PROFESIONAL POR EXPERIENCIA LABORAL

Redacción.- As traballadoras e traballadores dos centros e servizos de atención á dependencia que aínda non puideron obter a acreditación profesional para a realización do seu traballo mediante a convalidación da súa experiencia profesional, dispoñen dun novo prazo para a súa obtención que concluirá o 31 de decembro de 2022.

O Boletín Oficial do Estado publicou xa o Acordo adoptado polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en outubro pasado, no que se establecen novas medidas para conseguir a acreditación da totalidade dos profesionais deste sector, como:

Habilitación excepcional para persoas coidadoras, xerocultoras, auxiliares de axuda a domicilio e asistentes persoais que, ao 31 de decembro de 2017 poidan acreditar:

Polo menos tres anos de experiencia, cun mínimo de 2.000 horas traballadas nos últimos 12 anos na categoría profesional correspondente.

Ou, se non alcanza a experiencia mínima esixida, que traballasen e teñan un mínimo de 300 horas de formación nos últimos 12 anos relacionada coas competencias profesionais que queira acreditar.

Habilitación provisional para as persoas que, ao 31 de decembro de

2017 poidan acreditar:

Traballar con anterioridade a esa data e, sen ter os requisitos para a habilitación excepcional, comprométanse mediante declaración responsable a participar en procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral ou a realizar a formación necesaria antes de 31 de decembro de 2022.

UGT lembra que as competencias nesta materia corresponden ás comunidades autónomas, polo que os traballadores e traballadoras interesados nestes procesos deben dirixirse aos correspondentes organismos autonómicos e presentar as súas solicitudes.

CASE A METADE DAS HORAS EXTRAORDINARIAS NON SE PAGARON

Redacción.- En 2017, segundo os últimos datos da EPA, realizáronse unha media de 5.800.000 horas extraordinarias á semana. Delas, case a metade non se pagaron, e iso a pesar de que en 2016 e 2017 caeron as non pagadas.

Esta fraude empresarial de horas traballadas e non pagas afecta aos dereitos dos traballadores, á Facenda Pública e á Seguridade Social e vese facilitado pola reforma laboral de 2012, que rompeu o equilibrio das relacións laborais, dando maior potestade aos empresarios.

UGT denunciou por varias vías (tribunais, negociación de convenios, grupos parlamentarios) esta fraude.

É necesario modificar o Estatuto dos Traballadores nesta materia, acorde coa normativa europea.

O recente Auto ditado pola Sala do social da Audiencia Nacional expondo unha cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) acerca de se a regulación española, contida nos artigos 34 e 35 do ET, é conforme á normativa europea en materia de xornada (duración e descansos), pon de novo en evidencia a deficitaria ordenación existente e os problemas que xera.

Nos últimos anos foron varias as ocasións nas que UGT denunciou, tanto ante os tribunais como publicamente, a necesidade de levar a cabo o rexistro da xornada diaria mediante instrumentos eficaces que permitan detectar irregularidades, abusos e fraudes e faciliten o labor de vixilancia e control do cumprimento das normas que ten encomendada a Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS), así como os representantes dos traballadores nas empresas.

É un feito que no noso país efectúanse diariamente miles e miles de horas ex-

traordinarias en todos os sectores. Tamén o é que unha boa parte das mesmas non se pagan, non se cotizan e tampouco se compen-san con descanso.

Segundo os últimos datos publicados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), en 2017 realizáronse unha media de cinco millóns oitocentas mil horas extraordinarias á semana. Delas o 46,9 % non se pagaron.

É importante sinalar que a porcentaxe de horas extraordinarias subiu en 2017 nun 1% respecto de 2016. Ese ano, as horas non pagas diminuíron un 14,5%, feito que coincide cunha campaña da ITSS sobre tempo de traballo, que incluía a comprobación de se as empresas contaban con sistemas para o rexistro diario da xornada.

En 2017 as horas non pagas diminuíron menos (o 8,3%). Convén lembrar, que o ano pasado o Tribunal Supremo (TS) dita a súa Sentenza do 23 de marzo de 2017, interpretando que o art.35 do ET non esixe que de leve un rexistro de xornada diaria efectiva, o que produciu un cambio nos criterios de actuación da ITSS seguidos ata ese momento.

Pero é importante sinalar que o propio TS advirte na mesma Sentenza, nun claro chamamento aos lexisladores, da necesidade de modificar o ET a fin de clarificar a obrigación de levar un rexistro diario e facilitar ao traballador a proba sobre a realización de horas extraordinarias.

Pois ben, fai tres meses que o Pleno do Congreso dos Deputados votou a favor da toma en consideración da Proposición de Lei que presentara o Grupo Parlamentario



Socialista para modificar o art. 34 do ET, no sentido de incluír a obrigación de rexistrar diariamente a xornada de cada traballador e co horario concreto de entrada e saída.

Como dixemos entón, para UGT esa proposición de lei é un bo punto de partida desde o que abordar unha regulación máis integral da materia, comezando pola derogación das últimas reformas laborais.

UGT considera necesario introducir novos elementos na nosa lexislación para adecuar as normas ás demandas da sociedade e á normativa europea e para dar seguridade aos traballadores e impedir que se sigan producindo esas situacións infractoras que ningún mercado laboral pódese permitir. En definitiva, tolerancia cero cos infractores.

As achegas e propostas de UGT, que fixemos chegar aos grupos parlamentarios, non só abordan estas cuestións senón tamén outros aspectos como limitar as posibilidades de realizar horas extras, impedir que o empresario poida decidir unilateralmente unha distribución irregular da xornada ou determinar o calendario laboral, sen esquecer a necesaria actualización das infraccións e sancións que deben impoñerse a quen incumpra.

A proposición de lei atópase en período de emendas, por tanto, está en mans dos lexisladores que salga adiante unha boa regulación.

UGT E ELPLURAL.COM POÑEN EN MARCHA UNHA ASESORÍA LABORAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores (UGT) e ELPLURAL.COM poñen en marcha o 1 de febreiro unha asesoría laboral, con carácter xeral e público, coa que se pretende dar resposta ás dúbidas que poidan ter os traballadores e as traballadoras sobre o mercado laboral, as condicións de traballo, despedimentos, dereitos, etc.

O obxectivo é facilitar unha ferramenta útil e práctica na rede para informar aos lectores dos seus dereitos laborais, resolver as súas dúbidas e contestar as súas preguntas neste campo.


Un grupo de avogados de UGT e expertos en relacións laborais serán as persoas encargadas de atender

as consultas recibidas cuxas respostas terán carácter informativo.

Para acceder ao consultorio, só hai que enviar un correo coa consulta formulada á dirección asesorialaboral@cec.ugt.org e, no prazo de dous ou tres días, será atendida e publicada nesta nova sección: <https://www.elplural.com/asesorialaboralugt>

UGT ESIXE Á MINISTRA DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL UN MÍNIMO DE RESPECTO AOS PENSIONISTAS

O Goberno empobrece de forma progresiva e acumulada aos pensionistas actuais e futuros



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera que a comparecencia da ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, foi imprecisa e pouco respectuosa cos pensionistas porque ofreceu datos que favorecían ao Goberno pero carecían do rigor e a seriedade esixibles en sede parlamentaria.

A ministra defendeu que, nos últimos dez anos, entre 2007 e 2017, as pensións mantiveron o seu poder adquisitivo cunha ganancia, segundo os seus cálculos, do 0,03%. E, a continuación, subliñou que desde a aplicación do índice de revalorización de pensións (IRP) a perda de poder adquisitivo só foi dunha décima.

Independentemente de que a primeira parte do período deses cálculos non é atribuíble á xestión do seu Goberno e que corresponde mesmo a un marco normativo diferente ao aprobado polo Partido Popular en 2013, é necesario sinalar que tales declaracións sobre etapas pasadas non poden ocultar a actual perda de poder adquisitivo que están a padecer as pensións.

Unha perda que se remonta xa a dous exercicios e, o que é máis grave, que se producirá tamén, segundo absolutamente todas as previsións (incluídas as do propio cadro macroeconómico do Goberno), este ano 2018.

E, finalmente, o que resulta absolutamente inaceptable desde o respecto aos millóns de pensionistas presentes e futuros, unha perda que se producirá segundo corroboraron mesmo os organismos internacionais durante polo menos os próximos vinte anos, empobrecendo de forma progresiva e acumulada a todos e cada

un dos pensionistas da actual e das próximas xeracións.

Estes terribles datos e esta realidade derivada da reforma de pensións que aprobou o Partido Popular en 2013 non poden, de ningún xeito, ser ocultados apelando aos datos do pasado.

Fátima Báñez afirmou, ademais, que o déficit da Seguridade Social "volve ao camiño do equilibrio en 2018" e que "que 2017 marcou "un punto de inflexión" cara ao equilibrio financeiro". Unhas declaracións que carecen por completo do máis mínimo rigor.

En 2017 non se vai reducir o saldo negativo da Seguridade Social, e se isto ocorre non sería máis que de forma marxinal e como resposta a un impulso temporal que non poderá manterse no tempo. De feito, de acordo cos nosos cálculos, mesmo poida que cando se pechen as contas o desequilibrio sexa maior que en 2017 porque aínda que o crecemento das cotizacións fóra en porcentaxe algo maior que o dos gastos, as cifras destes son moito maiores que as dos ingresos.

Igualmente, hai que sinalar que non se está en camiño do equilibrio porque este equilibrio só alcanzarse se se cumpren dúas condicións: a derogación da reforma laboral e que se establezan ingresos por impostos. Doutra forma, diga o que diga a ministra, resultará imposible, xa que o aumento do número de pensionistas acelerarase e será permanentemente crecente durante os próximos vinte anos, e os ingresos nunca alcanzarán aos gastos se non se toman esas dúas medidas.

Así mesmo, é preciso que dicir que as manifestacións da ministra de Emprego e Seguridade Social sinalando que a situación financeira da Seguridade Social mellora porque en 2017 vai reducir o déficit da Seguridade Social en porcentaxe do PIB adoecen dunha falta de rigor e seriedade, xa que se pretende defender que baixará porque crece o PIB e non porque se reduza ese déficit. De ningún xeito isto pode considerarse unha mellora da situación financeira da Seguridade Social.

É desexable e esixible rigor e sinceridade aos responsables públicos á hora de falar das pensións. Meréceno os pensionistas actuais, meréceno os futuros pensionistas que hoxe están a cotizar e meréceo o conxunto da sociedade.

Neste sentido, UGT volve insistir en que, o mellor, en lugar de pretender esconder a realidade é adoptar as medidas que o sindicato vén defendendo:

Garantir o poder adquisitivo das pensións con subidas iguais ao IPC, rexeitando o mísero 0,25% que os pensionistas consideran inxusto e inaceptable.

Asegurar a situación financeira da Seguridade Social evitando que esta pague o que non debe e permitindo que cobre o que debe.

Asegurar o sostemento futuro das pensións con emprego, pero de calidade, non con emprego lixo, derogando a reforma laboral de 2012, e con ingresos que procedan de impostos como expresión de solidariedade coas xeracións de pensionistas que veñen, da mesma forma que elas o foron coas anteriores.

A UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES APOSTA POLA FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

Redacción.- Pepe Álvarez, secretario Xeral da Unión Xeral de Traballadores (UGT), xunto a Francisco Belil, vicepresidente da Fundación Bertelsmann, selaron o acordo de adhesión de UGT á Alianza para a Formación Profesional Dual nun acto celebrado na sede confederal do sindicato en Madrid. Ao mesmo, tamén asistiron Juan José Juárez, Senior Project Manager da Fundación Bertelsmann, e Sebastián Pacheco, secretario de Formación de UGT.

As altas taxas de desemprego xuvenil en España e a adecuación, non sempre óptima, entre a formación que se ofrece e as necesidades do mercado laboral levou á Fundación Bertelsmann, xunto á Fundación Princesa de Xirona, a CEOE e a Cámara de Comercio de España, a crear a Alianza como unha rede estatal de empresas, centros e institucións comprometidos co desenvolvemento da FP Dual en España.

Coa adhesión á Alianza, UGT contribuirá na difusión e impulso da FP Dual, realizando accións encamiñadas a fomentar e aumentar o prestixio do modelo en España. Ademais, o sindicato tamén se com-

promete a promover: os criterios de calidade fixados pola Alianza para implantar a FP Dual nas empresas, a integración no programa de FP Dual ao máis alto nivel estratéxico na empresa, a asignación dun titor a cada aprendiz (ou grupo de aprendices) e a formación para que poida desenvolver a súa función correctamente, a dedicación do tempo suficiente á coordinación e impulso do programa xunto co centro educativo e remunerar aos seus aprendices.

Ademais, desde UGT considérase necesario que a Formación Profesional Dual descansa nun modelo de financiamento suficiente por parte dos poderes públicos e as empresas; apóiese en mecanismos irrenunciáveis como son os dereitos e garantías que asisten ao aprendiz (alumnado-traballador); a orientación, a información e asesoramento e que, finalmente, conte con rigorosos sistemas de avaliación que permitan valorar a eficacia e eficiencia do sistema.

No acto, Pepe Álvarez, secretario xeral de UGT, destacou “o papel da colaboración para satisfacer a demanda formativa dos traballadores e traballadoras, e esta Alianza

é bo exemplo diso. A formación é unha das materias pendentes do noso país e, en concreto, a formación dual, e é imprescindible lograr que se converta nunha das ferramentas fundamentais para mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras, comezando polo acceso ao mundo do traballo, a capacidade para manter o emprego ou lograr a promoción laboral. Por este motivo, UGT vai participar en iniciativas como esta para conseguir o obxectivo principal: potenciar as posibilidades de emprego dos nosos traballadores e traballadoras e de maneira especial dos mozos, e hai que lembrar que a metade deles non teñen emprego.”

Pola súa banda, Francisco Belil, vicepresidente da Fundación Bertelsmann, sinalou que “hoxe é un día importante para a Alianza e o desenvolvemento da Formación Profesional Dual en España. Coa adhesión de UGT, a Alianza incorpora unha parte vital da engrenaxe do mercado laboral, como son os sindicatos, feito que supón un gran avance para conseguir que cada vez máis empresas, centros educativos, asociacións e institucións sómense ao camiño da FP Dual para construír, entre todos, un modelo de éxito no noso país.”

UGT DEMANDA A CREACIÓN DUN BANCO POSTAL

Redacción.- UGT insiste en varios principios básicos para a viabilidade de Correos: a creación dun banco postal, a garantía de financiamento do servizo postal universal, a existencia dunha rede universal de comunicacións postais, a protección dos dereitos dos traballadores e o impulso para a diversificación de actividades postais, parapostais e financeiras.

Esta proposta faise máis relevante aínda debido aos continuos recortes do Goberno na compensación económica a Correos pola prestación do Servizo Postal Universal, polo bloqueo do desenvolvemento do Plan de Prestación do Servizo Postal

Universal (pendente desde 2010), pola falta da autorización para a prestación de servizos financeiros (que outros Gobernos Europeos si concederon aos seus operadores postais públicos), pola limitación da reposición e adecuación do persoal estrutural necesario para atender os novos produtos que demanda a sociedade e as empresas, pola falta dun Plan Estratéxico que aposte polo aproveitamento da capilaridade da súa rede e permitalle obter economías de alcance. Todo iso está a crebar a situación financeira de Correos e a súa capacidade para competir no mercado. UGT pide abordar medidas para a diversificación de Correos, como a de retomar a especialización ban-

caria postal aproveitando as sinerxias que a actividade postal posibilita coa creación do Banco Postal, que ademais de reforzar a Correos no seu papel como axente de desenvolvemento económico do país e favorecedor da cohesión social, contribuiría a garantir o seu futuro e o dos seus traballadores, prestando os servizos financeiros a través da súa capilarizada rede de oficinas dotadas dos medios tecnolóxicos e informáticos necesarios cun persoal especificamente formado e demostradamente experimentado en servizos bancarios e complementada coa rede de servizos rurais, que todo iso supón máis de 8.700 puntos de atención ao cidadán.

II Concurso de audiovisuais “Aulas pola convivencia”

Redacción.- Ante o Día escolar da paz e a non violencia que se celebrou o 30 nas aulas, UGT destaca o papel que teñen os centros educativos como lugares idóneos para aprender a convivir en valores de respecto e tolerancia, para o cal convoca o II Concurso de audiovisuais “Aulas para a convivencia. Aprender da diversidade”. Os traballos poderán presentarse entre o 30 de xaneiro e o 21 de marzo. A través de medios como o teléfono móbil, a táblat ou a cámara de vídeo os mozos deben mostrar xeitos de promover o respecto á diversidade, aprender a intercambiar entre persoas diferentes, ademais de dar unha resposta activa ás discriminacións. As bases do concurso poden consultarse en <http://www.fespugt.es/images/pdfs/enseñanza/bases-concurso-aulas-convivencia-2018.pdf>

Día Mundial
de la NO
Violencia y la Paz

